

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE  
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA  
CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS.  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### Criterio de avaliación

### Estándar de aprendizaxe

#### CIENCIAS NATURAIS

- Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros, o material e as normas de convivencia.

- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

- Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.

- Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.

- Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
- Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.

- Relacionar hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico regulado e descanso diario coa saúde e coa enfermidade.

- Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.

|  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica as principais diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.</li> <li>• Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.</li> </ul>   |
| <b>CIENCIAS SOCIAIS</b>  |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para a obtención da información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas ou indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</li> </ul> |

|  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Amona unha actitude de aceptacións e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describe as funcións das profesións que son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.</li> <li>• Diferenza entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención do ser humano provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.</li> </ul>  |
| <b>LINGUA CASTELÁ</b>  |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ler en voz alta e en silencio, diferentes tipos de textos sinxelos de carácter infantil.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Le, en voz alta, con pronunciación e entoación adecuada, diferentes tipos de textos sinxelos, adaptados á súa idade.</li> </ul>  |

|  |   |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.</li> <li>• Dedicar, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender os distintos tipos de textos adaptados á idade e usando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.</li> </ul>                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica o tema dun texto sinxelo.</li> <li>• Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Usar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.</li> </ul>                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.</li> <li>• Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir dun título e das ilustracións redundantes</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica, con axuda, a estrutura básica de diferentes textos lidos.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferencia, con axuda, entre información e publicidade.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplica as normas sociocomunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</li> </ul>   |

|  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións da aula.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais guiadas con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e á intención comunicativa.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas,...</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos), aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos, instrucións, receitas, textos literarios,...</li> <li>• Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando rascaduras, etc.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar coñecementos básicos sobre regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Usa os signos de puntuación e as regras básicas de ortografía propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.</li> </ul>   |

## LINGUA GALEGA

|  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras e dramatiza cando é preciso.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Descodifica de forma adecuada na lectura de textos sinxelos.</li> <li>● Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade axeitada.</li> <li>● Fai lecturas dramatizadas de textos.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprender e localizar a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</li> </ul>                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</li> <li>● Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.</li> <li>● Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.</li> </ul>  |



|  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Interésase por amosar unha pronuncia e unha entoación adecuadas.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propio da lingua galega.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou relacionados coa escola.</li> </ul>     | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Produce e reescribe textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</li> <li>● Elabora textos, con certa coherencia e de xeito creativo.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</li> </ul>  |
| <b>MATEMÁTICAS</b>   |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Explica oralmente o proceso seguido na resolución dun problema.</li> </ul>   |

|   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Ler, escribir e ordenar números enteiros usando razoamentos apropiados.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Le, escribe e ordena números ata o 999.</li> <li>● Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.</li> <li>● Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.</li> <li>● Resolve operacións con cálculo mental.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.</li> </ul>  |

|  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto de quilo como unidades de medida de peso.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto de quilo como unidades de medida de peso.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñecer e utilizar o litro, o medio litro e o cuarto de litro como unidades de medida de capacidade.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñece e utiliza o litro, o medio litro e o cuarto de litro como unidades de medida de capacidade.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resolve problemas sinxelos de medida.</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Recoller e rexistrar unha información cuantificable, usando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas,... comunicando a información.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas básicas.</li> <li>● Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.</li> </ul> |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 1. Avaliación e cualificación

|                            |  |
|----------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>          | <p>Procedementos:</p> <p>Partiremos dunha avaliación continua, tendo en conta a primeira e segunda avaliación principalmente. A terceira avaliación só contará no caso de que o traballo realizado favoreza positivamente ao alumnado. Este traballo será enviado ao correo habilitado polas titoras ou, no caso de ser necesario, por outros medios.</p> <p>Realizaranse chamadas telefónicas cada 15 días ás familias e ao alumnado, para desenvolver as titorías e coñecer a situación de cada familia e o traballo realizado, xunto cos medios dispoñibles para levalo a cabo.</p>                               |
|                            | <p>Instrumentos:</p> <p>Observación da evolución nas aprendizaxes adquiridas polos alumnos ao longo dos trimestres anteriores a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● A observación.</li><li>● O traballo diario.</li><li>● Fichas.</li><li>● Cadernos de clase.</li><li>● Pequenas fichas sen axuda para observar a evolución do alumno/a.</li><li>● Rexistro de anécdotas,...</li><li>● Probas obxectivas (escritas e orais). Estas probas fan referencia ás realizadas durante o 1º e o 2º trimestre.</li></ul> <p>Seguimento da realización do traballo dende a casa durante o confinamento</p> |
| <b>Cualificación final</b> | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● A cualificación da terceira avaliación será a media das dúas primeiras, podendo sumar positivamente o traballo realizado durante o Estado de Alarma.</li></ul>  |

|  |   |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>● A cualificación final será a media das dúas primeiras avaliacións ou, das tres avaliacións, en caso de beneficiar ao alumnado.</li></ul> <p>Tendo en conta as circunstancias deste curso 2019/2020, o alumnado poderá promocionar con máis dunha materia instrumental suspensa.</p> |
|--|---|

| <b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|--|---|
| <b>Actividades</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de repaso, recuperación e ampliación de contidos vistos en trimestres anteriores.</li> </ul>   |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Alumnado con conectividade. A través de correo electrónico diaria ou semanalmente. Chamadas telefónicas cada 15 días.</li> <li>● Alumnado sen conectividade: a través de aplicacións móbiles (whatsapp, telegram, etc.), así como chamadas telefónicas.</li> </ul> |
| <b>Materiais e recursos</b>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Páxina web do centro, correo electrónico, chamadas telefónicas, espazo Abalar, aplicacións, páxinas web, libros de texto, fichas, xogos e lecturas online...</li> </ul>  |

| <b>3. Información e publicidade</b>          |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Páxina web do centro.</li> <li>● Correo electrónico.</li> <li>● Chamadas telefónicas.</li> <li>● Espazo Abalar.</li> </ul>                |
| <b>Publicidade</b>                           | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Cada semana cólganse na páxina web do centro as tarefas e actividades a realizar nesa semana, cunha temporalización e estruturación das actividades diaria.</li> </ul> |